

## BANDO

### NORMAS BÁSICAS CACHARELAS E SARDIÑAS PARA A NOITE DE SAN XOAN (23 de xuño de 2021)

1.- Con motivo da propagación da pandemia da COVID-19, **non están permitidas as cacharelas ou sardiñadas en terreos públicos**. Soamente será posible realizar cacharelas en terreos privados.

2.- As persoas que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada nesta data nun terreo privado deberán comunicalo ao Concello de Brión por algunha das seguintes vías, antes do día 22 de xuño do 2021, ás 14.00 horas:

Email: Enviando un correo electrónico, a [concello@concellodebrion.org](mailto:concello@concellodebrion.org)

Por teléfono chamando ao 981887006.

En ambos os casos terán que comunicar os seguintes datos.

- Lugar exacto onde se pretende levar a cabo a cacharela, domicilio ou ref. catastral si fose unha parcela.
- Nome e apelidos da persoa que o solicita.
- DNI.
- Nº de teléfono de contacto.

3.- O número máximo de persoas que se poidan reunir en grupo para a celebración desta festividade (en exterior e interior) axustarase ao disposto na normativa reguladora da situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola COVID que estea vixente neses momentos, así como das demais recomendacións establecidas polas autoridades sanitarias competentes.

4.- Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer os seguintes números de teléfono: **POLICÍA LOCAL: 981 89 34 74, GES Brión 629 87 15 42**

5.- O volume de combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro, e 9 metros de perímetro, nin os 3 de altura.

6.- A cacharelas deberán separarse como mínimo 15 mtrs. dos edificios e 50 mtrs. das masas arbóreas. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables nin vehículos.

7.- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

8.- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.

9.- A fogueira permanecerá vixiada polas persoas responsables ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos con auga, e asegurándose de que as



cinzas queden totalmente apagadas. No caso de que se levante vento que supoña un risco de cuasar un incendio o danos aos inmobles cercanos, esta deberá suspenderse.

O cumprimento das normas respecto ás cacharelas será comprobado pola Policía Local e/ou as forzas de seguridade.

O Concello de Brión agradece a colaboración da veciñanza para o bo desenvolvemento da festa da noite de San Xoan.

Brión, á data da sinatura dixital.

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín